

LINGUAXE E INFORMÁTICA (GUÍA DOCENTE ECTS)

Titulación: <i>Filoloxía Galega</i>		Curso ou ciclo: <i>1º ciclo</i>	Cuadrimestre: <i>2º</i>
Créditos: <i>6</i>	Carácter: <i>OPT</i>		Lingua na que se imparte: <i>Galego</i>
Área de coñecemento: <i>Lingüística Xeral</i>			
Departamento: <i>Tradución e Lingüística</i>			
Créditos LRU: 6		Adaptación a créditos ECTS: 6	
Profesorado:			
<i>Xavier Gómez Guinovart</i>			Despacho: <i>42C</i>
Teléfono: <i>986813858</i>		Correo-e : <i>xgg@uvigo.es</i>	

1. CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. Perfil dos créditos da materia

Esta materia prepara ao alumnado na comprensión das técnicas utilizadas no procesamento informático da linguaxe, e no uso das ferramentas que as tecnoloxías lingüísticas (nomeadamente, as tecnoloxías da lingua galega) fornecen para a investigación, a aprendizaxe e a docencia da lingua.

1.2. Situación e relacións no plan de estudos

Trátase dunha materia do 2º curso de Filoloxía Galega orientada á aprendizaxe dos conceptos básicos relacionados coas tecnoloxías da linguaxe e á aplicación destes conceptos na práctica da investigación lingüística e filolóxica e da docencia da lingua galega.

2. OBXECTIVOS

2.1. Obxectivos xerais

- Ofrecer un panorama amplo, desde unha perspectiva eminentemente lingüística, das diversas liñas de investigación que xorden da intersección entre a lingüística e a informática, centrándose na súa aplicación ao estudo do galego.
- Presentar unha introdución práctica aos recursos, ferramentas e aplicacións lingüísticas da informática, orientada ás tecnoloxías lingüísticas da lingua galega.
- Fomentar o uso dos recursos lingüísticos para a investigación, aprendizaxe e docencia de linguas dispoñíbeis en Internet, con especial atención aos recursos dispoñíbeis para o galego.

2.2. Competencias

2.2.1. Competencias cognitivas

- Adquisición dos fundamentos teóricos e aplicados relacionados coas tecnoloxías da linguaxe
- Coñecemento dos recursos, ferramentas e aplicacións das tecnoloxías lingüísticas e, en particular, das tecnoloxías da lingua galega.
- Adquisición dos coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, avaliación e aproveitamento destes recursos

2.2.2. Competencias profesionais

- Manexo con aproveitamento dos recursos lingüístico-computacionais dispoñíbeis en Internet, especialmente dos orientados á investigación lingüística e filolóxica e a docencia da lingua galega
- Análise e avaliación de recursos, ferramentas e aplicacións das tecnoloxías da linguaxe
- Resolución de problemas lingüísticos mediante ferramentas informáticas e elaboración de traballos académicos de calidade

2.2.3. Competencias actitudinais

- Interese polas linguas, pola lingüística aplicada e polas aplicacións lingüísticas da informática
- Desenvolvemento dunha actitude crítica informada cara ás tecnoloxías lingüísticas e ao seu papel na sociedade da información
- Coidado dos computadores da Facultade de uso común

3. REQUERIMENTOS PREVIOS

Non hai requerimentos previos legais para esta materia.

3.1. Competencias previas desexábeis

- Bo coñecemento da lingua galega
- Manexo básico dos computadores e de Internet
- Manexo dos recursos electrónicos e en papel que ofrece a Biblioteca Universitaria

3.2. Actividades para a consecución dos prerrequisitos

- Actividades formativas específicas.

4. BLOQUES E TEMAS DE CONTIDO

4.1. Descritor da materia

Introdución á explotación de recursos informáticos para a investigación lingüística.

4.2. Bloques de contidos de aprendizaxe

1. As linguas na sociedade da información
2. Os ordenadores na investigación lingüística
3. A escritura asistida por ordenador
4. Informática, linguaxe e tradución

4.3. Unidades de contido

1. As linguas na sociedade da información
 - 1.1. O plurilingüismo na sociedade da información
 - 1.2. A lingua galega na informática
 - 1.3. As tecnoloxías da linguaxe
2. Os ordenadores na investigación lingüística
 - 2.1. Liñas de investigación
 - 2.2. Fundamentos da lingüística de corpus
 - 2.3. Lingüística de corpus da lingua galega
 - 2.4. Lexicografía e terminoloxía baseada en corpus
3. A escritura asistida por ordenador
 - 3.1. Tecnoloxías lingüísticas para o procesamento de textos e a xestión documental
 - 3.2. Dicionarios e correctores para a escritura asistida por ordenador en lingua galega
4. Informática, linguaxe e tradución
 - 4.1. Tradución automática, tradución asistida e memoria de tradución
 - 4.2. Recursos léxicos e terminolóxicos
 - 4.3. Ferramentas informáticas de tradución para o galego

5. METODOLOXÍA DOCENTE E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE

5.1. Metodoloxía docente

Clases teóricas, clases prácticas, presentacións audiovisuais, demostracións informáticas, titorías obrigatorias, exercicios e actividades autónomas supervisadas.

5.2. Estratexias de aprendizaxe

Consulta bibliográfica, consulta de Internet, prácticas no computador, realización de exercicios, aproveitamento da docencia presencial e das titorías.

6. PLAN DE TRABALLO DO ALUMNADO

A materia ten asignados un total de 6 créditos ECTS, equivalentes a 156 horas de traballo do alumnado, que se distribúen do seguinte xeito:

1. Horas presenciais (58 horas)

1.1. Clases teóricas, prácticas e teórico-prácticas (42 horas)

A distribución do material docente da materia (artigos de lectura obrigatoria, programación dos temas e exercicios) realizarase a través da plataforma de teledocencia Tema (<http://faitic.uvigo.es>). O alumnado deberá darse de alta en Tema para seguir o curso, así como para recibir outros materiais, anuncios e cualificacións que poidan ser distribuídos a través desta plataforma.

1.2. Tutorías especializadas colectivas (10 horas)

As tutorías especializadas son de carácter obrigatorio, terán lugar en horario de clase (nas sesións que se indiquen) e estarán dedicadas, entre outras actividades, á organización das actividades docentes, revisión de conceptos, resolución de dúbidas, orientación xeral para a realización dos exercicios e actividades para a avaliación continúa, etc.

1.3. Realización e revisión de exames (6 horas)

2. Horas non presenciais de traballo autónomo (98 horas)

2.1. Lectura do material bibliográfico (20 horas)

2.2. Consulta de Internet e prácticas no computador (60)

2.3. Preparación de exercicios ou exames (18 horas)

7. BIBLIOGRAFÍA

7.1. Bibliografía básica

- Martí Antonín, María Antònia (ed.) (2003). *Tecnoloxías del lenguaje*. Barcelona: Editorial UOC.
- Martí Antonín, María Antònia e Joaquim Llisterra (2002). *Tratamiento del lenguaje natural*. Barcelona: Edicions de la Universitat de Barcelona.
- McEnery, Tony et al. (2006). *Corpus-Based Language Studies*. Londres: Routledge.
- Romero, Daniel e Isabel Vaquero (2001). *Da periferia á rede. Internet en Galicia: lingua e contidos*. Vigo: Xerais.
- Schreibman, Susan, Ray Siemens e John Unsworth (eds.) (2004). *A Companion to Digital Humanities*. Oxford: Blackwell.

7.2. Bibliografía específica

- Berber Sardinha, Tony (2000). Lingüística de Corpus: histórico e problemática. En: *D.E.L.T.A.*, 16:2, 323-367.
- Dopazo, Lara e David Lombao (2006). A normalización lingüística do galego através dos blogs: o caso de Blogaliza. En: *Prisma.com. Revista de Ciências da Informação e da Comunicação do CETAC*, 3. Porto: Universidade de Porto.
- Gerrand, Peter (2006). Una breu història de la campanya catalana per aconseguir el domini d'Internet .cat, amb implicacions per a altres llengües minoritàries. En: *Digitum*, 8. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya.
- Gómez Guinovart, Xavier (2003). A lingua galega en Internet. En: Ana Bringas e Belén Martín (eds.), *Nacionalismo e globalización: lingua, cultura e identidade*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, pp. 71-88.
- Gómez Guinovart, Xavier (2006). Tecnoloxías da lingua galega e normalización lingüística. En: VV.AA. *Lingua e investigación: II Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña (Servizo de publicacións), pp. 79-91.

Llisterri, Joaquim (2003). Lingüística y tecnologías del lenguaje. En: *Lynx. Panorámica de Estudios Lingüísticos*, 2: 9-71. València: Universitat de València.

Martí Antonín, María Antònia e Joaquim Llisterri (2001). La ingeniería lingüística en la sociedad de la información. En: *Digithum*, 3. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya.

7.3. Bibliografía complementaria

Abeillé, Anne (ed.) (2003). *Treebanks. Building and Using Parsed Corpora*. Dordrecht: Kluwer.

Agirre, Eneko e Philip Edmonds (eds.) (2006). *Word Sense Disambiguation: Algorithms and Applications*. Text, Speech and Language Technology, vol. 33. Dordrecht: Springer.

Barry, William J. e Wim A. van Dommelen (eds.) (2005). *The integration of phonetic knowledge in speech technology*. Dordrecht: Springer.

Carl, Michael e Andy Way (eds.) (2003). *Recent Advances in Example-Based Machine Translation*. Dordrecht: Kluwer.

Coleman, John (2005), *Introducing Speech and Language Processing*. Cambridge: Cambridge University Press.

Dale, Robert et al. (eds.) (2000). *Handbook of Natural Language Processing*. Nova York: Marcel Dekker

Daelemans, Walter e Antal van den Bosch (2005). *Memory-Based Language Processing*. Cambridge: Cambridge University Press.

Gómez Guinovart, Xavier (1999). *La escritura asistida por ordenador*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

Mitkov, Ruslan (ed.) (2003). *The Oxford Handbook of Computational Linguistics*. Oxford: Oxford University Press.

Pasca, Marius (2003). *Open-Domain Question Answering from Large Text Collections*. Stanford: CSLI.

Peñas Padilla, Anselmo (2004). *Técnicas lingüísticas aplicadas a la búsqueda textual multilingüe: Ambigüedad, variación terminológica y multilingüismo*. Colección de Monografías de la Sociedad Española para el Procesamiento del Lenguaje Natural, núm. 4. Alacant: SEPLN.

Sampson, Geoffrey; Diana McCarthy (eds.) (2004). *Corpus Linguistics: readings in a widening discipline*. Londres-Nova York: Continuum.

Vieira, Renata, Paulo Quaresma, Maria das Graças Volpe Nunes, Nuno J. Mamede, Cláudia Oliveira e Maria Carmelita Dias (eds.) (2006). *Computational Processing of the Portuguese Language*. Lecture Notes in Artificial Intelligence, 3960. Dordrecht: Springer.

Wilson, Andrew, Paul Rayson e Tony McEnery (eds.) (2003). *A Rainbow of Corpora: Corpus linguistics and the languages of the world*. Munich: Lincom Europa.

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

8.1. Avaliación para alumnado asistente

O procedemento de avaliación será a avaliación continua. Este sistema require asistencia obrigatoria. Para cumprir este requisito, é imprescindible asistir a un mínimo do 80% das clases e titorías grupais. Se non se acada este mínimo, a avaliación continua non será unha opción posíbel.

A avaliación continua incluírá as seguintes partes obrigatorias (indícanse entre parénteses as porcentaxes equivalentes da cualificación total):

1.1. participación activa nas clases e titorías grupais (30%)

1.2. exercicios sobre temas do programa. Serán realizados a través da plataforma Tema durante as clases, en datas previamente asignadas (70%).

O alumnado que non supere a avaliación continua deberá realizar un exame final sobre os contidos do programa na data oficial de xuño fixada pola Xunta de Facultade. Este exame suporá o 100% da cualificación final.

8.2. Avaliación para alumnado non asistente

Exame final sobre os contidos do programa na data oficial da convocatoria de xuño de 2008 fixada pola Xunta de Facultade (100%).

8.3. Avaliación nas convocatorias extraordinarias de setembro de 2008 e decembro de 2008

Exame final sobre os contidos do programa nas datas oficiais respectivas fixadas pola Xunta de Facultade (100%).

HORARIO DOCENTE

mércores, 11-13
xoves, 11-13

HORARIO DE TITORÍAS

luns, 11-14
venres, 10-13

SINATURA DO PROFESORADO

--